

Concurso Xeral de Traslados 2018/2019

O Concurso Xeral de Traslados 2018/19 ten carácter estatal. Pode participar nel calquera persoa que estea destinada fóra de Galiza sempre e cando teña xa destino definitivo no seu ámbito territorial. Como sempre, todo o persoal docente dependente da Consellaría sen destino definitivo ten a obriga de participar. Aquelas persoas que aprobaron as últimas oposicións e están na fase de prácticas participan con cero puntos.

A participación será como en anos anteriores, a través da web da Consellaría, imprimindo as instancias que se xeren e presentándoas por rexistro. A estes efectos poden presentarse nas secretarías dos centros educativos. Tendo en conta os numerosos problemas xerados nas oposicións e nos destinos provisionais coa sede electrónica da Xunta é unha boa noticia que non se teña que facer uso dela. Desde a CIG-Ensino entendemos que se a Consellaría quere seguir polo camiño encetado de presentación telemática debe mellorar moito o sistema e adaptalo ás peculiaridades das diferentes convocatorias do persoal docente.

Datas e prazos

O Concurso publicarase nas datas habituais e o prazo de presentación de solicitudes será no mes de **novembro**, coas datas concretas aínda pendentes.

Non figuran as datas nas que a Consellaría publicará as vacantes provisionais e definitivas.

O prazo de reclamacións e renuncias á resolución provisional será de **10 días hábiles** desde o día seguinte á publicación na web da Consellaría. As reclamacións ao baremo xa se poderán presentar unha vez se vaia facendo público na web da Consellaría.

Outras convocatorias

Vén á Mesa tamén o concurso para os Equipos de Orientación Específicos.

Solicitamos que se convoquen tamén os concursos específicos de **Orientación de Primaria** e o de **EPAPU**. Entendemos que de existir vacantes deben convocarse todos os anos. **A Consellaría informa que están a revisar as vacantes que poidan existir. De existir un mínimo delas (que non cifran) traerían as ordes á Mesa e convocarían concursos.**

Vacantes.

Esiximos **transparencia** para coñecer todas as prazas que teñen horario para seren ofertadas no CXT.
Negociación real e publicidade dos cadros de persoal.

Vacantes

Unha vez máis esiximos unha **negociación** real de todas as vacantes. Un simple intercambio de datos nas Xefaturas Territoriais non pode considerarse negociación. A representación sindical e todo o profesorado debe coñecer a realidade dos cadros de persoal e as necesidades que existen para dotar de profesorado definitivo os claustros.

Demandamos que se coñeza oficialmente o cadro de persoal con destino definitivo en todos os centros de secundaria, FP e réxime especial. O sistema de cupo é unha arbitrariedade e unha absoluta falta de transparencia.

A Consellaría debe pór fin ao alto número de docentes en expectativa. Tamén demandamos que se cubran a totalidade das prazas de catálogo do corpo de mestres, xa que a día de hoxe hai prazas catalogadas e non ofertadas a concurso malia ter horario completo e cubrirse con provisionais.

O obxectivo da CIG-EnsinO non é outro que reducir o tempo de permanencia como docentes en expectativa ao mínimo. Hai que garantir que todo o profesorado posa acadar un destino definitivo nun **máximo de 2 anos desde que aprobou o proceso selectivo**.

A CIG-EnsinO fixo fincapé no que leva anos demandando: a transparencia nas vacantes que se teñen que ofertar. O feito de que este curso se convocase con tanta antelación a Mesa ten que facilitar que a negociación das vacantes se faga con tempo.

O curso pasado a Consellaría non cumpriu co compromiso de revisar todas as prazas, especialmente dos centros de secundaria. Agora ten tempo a facelo. Hai numerosas vacantes que se ofertan nos destinos provisionais e que despois non se ofertan no CXT. Queremos coñecer centro a centro as casuísticas para determinar se unha praza ten horas suficientes ou non.

Isto debe levar a que no prazo de presentación de instancias todo o profesorado coñeza con absoluta certeza as vacantes ofertadas. Deste xeito a relación definitiva tería a única función que lle debe corresponder: corrixir algún erro que se puidese detectar na relación provisional.

De feito na base segunda figura un novo parágrafo:

Na resolución pola que se fagan públicas as vacantes definitivas se suprimirán aquelas vacantes anunciadas na resolución provisional nas que se e producira un erro de definición nas mesmas ou se trate de prazas cuxo funcionamento non se encuentre previsto na planificación escolar.

A sentenza que gañou a CIG-EnsinO o ano pasado é ben clara ao respecto. Toda modificación ten que estar claramente xustificada. Esa supresión de vacantes debe vir precedida dunha reunión coas organizacións sindicais nas que se proporcionen todos os datos, evitando deste xeito calquera arbitrariedade da Consellaría.

A Consellaría indicou que xa o ano pasado atenderon unha parte das nosas demandas de incremento de vacantes e que se comprometen a facer un estudo pormenorizado para o presente concurso. Aceptan a proposta de negociar as vacantes nos Servizos Centrais da Consellaría e non nas Xefaturas Territoriais que a CIG-EnsinO propuxo o ano pasado e reiterou este ano, unha vez que as demais OO.SS. aceptaron tamén a nosa proposta. Quedou de novo demostrado a incompetencia e nula vontade de negociación das Xefaturas Territoriais da Coruña e Pontevedra demostraron ano tras ano.

Crearase unha comisión técnica dependente da Mesa Sectorial e nela debateranse os criterios que deben terse en conta para que unha praza se oferte (cómputo de horario de ámbitos da FB Básica, horario de determinadas materias non adscritas formalmente a unha especialidade única....).

Ante a nosa insistencia de que todas as vacantes se negocien antes da publicación da convocatoria e que durante ese prazo todo o profesorado poda coñecer as prazas a Consellaría adianta que non se compromete e que precisa máis tempo. En todo caso remata comprometéndose a que se coñezan todas as vacantes antes do prazo de renuncia á adxudicación provisional.

PT e AL en centros de Infantil e Primaria.

O incremento de 135 prazas novas con destino definitivo ten como aspecto negativo o seu carácter itinerante

Importante incremento de vacantes de PT e AL en prazas itinerantes

No próximo CXT incorporaranse 135 prazas compartidas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

Estas prazas responden á **campaña emprendida pola CIG-Ensino** no pasado concurso de traslados.

O sindicato foi crítico cando se publicou no mes de xullo o novo catálogo coa incorporación destas prazas con perfil de itinerancia sen negociar previamente a creación e supresión de prazas na Mesa.

Entendemos que moitas desas vacantes deben ter suficiente carga de traballo no centro que figura como destino e que se pode ocasionar un problema á hora de decidir se ten que existir itinerancia ou non.

Non deben ser os centros os que que teñan que disputar as horas de atención do profesorado de PT e AL ao alumnado con NEAE. A Consellaría ten que dotar a todos os centros do profesorado necesario e temos claro que con estas prazas non só non se soluciona o problema se non que se crea un novo.

O aspecto positivo que ten a creación de prazas estábeis nos centros vese afectado pola creación unicamente de postos itinerantes.

Todas deberían ser fixas e estender este incremento a **todos os centros que solicitou a CIG-Ensino o curso pasado.**

A Consellaría indica que poden darse moitos casos de prazas que non sexan realmente itinerantes se as necesidades do centro non o permiten e que en todo caso será a inspección a que terá que valorar a necesidade da itinerancia.

Atención á diversidade nos IES

O incremento de postos definitivos de PT e AL para a **atención á diversidade** nos centros de Infantil e Primaria debe vir acompañado dun incremento dos postos de PT nos IES e a creación de prazas definitivas e AL naqueles IES nos que ano tras ano se veñen cubrindo con carácter provisional. Hai IES nos que hai necesidade de mestras de AL e non crean esas prazas no catálogo.

A Consellaría informa que estarían en disposición de aumentar no CXT segundas prazas de PT nalgúns IES como lle solicitamos. Revisarían aqueles casos nos que durante anos se veñen repetindo destinos provisionais. Non van, de momento, a ofertar no CXT prazas de AL.

Atención á diversidade nos IES.

Reclamamos o incremento de prazas de PT nos IES e a creación de prazas definitivas de AL

Resultas cando se cambia de corpo docente

A norma que presenta a Consellaría impide que unha resulta dun docente que acada un destino noutro corpo poda adxudicarse como resulta e faise unha excepción coas prazas nos CMUS profesionais que deixen libres as persoas que obteñan destino por cátedras. A CIG-Ensino está de acordo con esta excepción e entendemos que debe ser a norma e adxudicárense como resultas todas as prazas aínda que haxa un cambio de corpo. Pensemos por exemplo nas persoas que superaron os proceso de acceso a EOI e que poden liberar prazas en IES que coa proposta da Consellaría non se cubrirán.

[Van revisar a posibilidade de que o profesorado que accede a EOI poda xerar resulta. Introducirán unha modificación para que aquelas persoas que acaban de aprobar o acceso a EOI e están en expectativa non teñan obriga de pedir destino como PES.](#)

Itinerancia nos CRA

A orde recolle que os postos de traballo nos CRA son itinerantes e non fixa excepcións. No texto da orde de destinos provisionais si se fai, excluindo das itinerancias as especialidades de EI e EP. Por outro lado non figura nos catálogos esta condición de itinerancia polo que entendemos que se debe aclarar todo antes de publicar a orde: se todas as especialidades son itinerantes e se as prazas deben marcarse como itinerantes ou non.

[Están de acordo coa nosa proposta de que o tratamento das prazas sexan idéntico no CADP e no CXT. Indicarán que as prazas de EI e EP non teñen, aos efectos de concurso de traslados, carácter itinerante \(polo tanto van poder adxudicarse de oficio como até agora\) e que as demais especialidades terán que marcarse como itinerantes para que sexan adxudicadas \(e non serán adxudicadas de oficio\).](#)

Vacantes nos Conservatorios

A Consellaría inclúe na presente convocatoria o corpo de cátedras de música e artes escénicas, logo do proceso de acceso deste verán. Tamén anuncia que o persoal do corpo de profesorado poderá pedir destino nos CMUS superiores para impartir as materias propias do corpo de profesores de música e artes escénicas, tal e como xa fixo nos destinos provisionais. As prazas que deixen vacantes nos CMUS Profesionais poderán ser ofertadas como resultas, o que nos parece positivo.

[En principio a idea da Consellaría é ofertar aquelas que xa aparecen no anexo que publicaron durante as oposicións. Ligazón](#)

Prazas de mestres na ESO.

A experiencia vén demostrando que as vacantes de mestres do **1º ciclo de ESO** se adxudican se hai demanda mais solicitamos que se publiquen todas as prazas e posíbeis resultas deste colectivo con horario e que sería susceptíbeis de seren ofertadas. Queremos coñecer cal é a situación actual deste profesorado.

[Van seguir facendo como até hoxe. Ofertarán cando haxa demanda. Informan que a día de hoxe debe haber entre 700 e 800 mestres.](#)

Lingua

A CIG-Ensino demanda un ano máis que todas as especialidades de todos os corpos teñan perfil lingüístico galego, co obxectivo de garantir que o profesorado teña as competencias necesarias para desenvolverse no noso idioma. Se para aprobar unha oposición é preciso un nivel mínimo debemos manter ese requisito para a mobilidade. A día de hoxe só as especialidades de Infantil e Primaria do Corpo de Mestres e Historia e Bioloxía de secundaria, así como todas as específicas da FP teñen ese requisito. **Esiximos a competencia no noso idioma en todas as materias.** O profesorado non só imparte a súa materia, tamén accede a

cargos directivos, ten función titorial ou imparte afíns.

No caso dos corpos de profesorado e cátedras de música e artes escénicas este perfil lingüístico reproduciría a esixencia que se fixou para o acceso a cátedras. Demandamos que se manteña no CXT.

[Revisarán a nosa solicitude no caso do corpo de cátedras aínda que non aseguran que o vaian facer.](#)

Por outro lado, nun concurso no que se ten en conta todo tipo de meritocracia, a CIG-Ensino propón que se valore como mérito a impartición de aulas en galego, tal e como recolle a convocatoria estatal para outros territorios.

Cuestión xerais sobre a convocatoria de CXT.

Aplicación informática.

Reclamamos que funcione ben desde o primeiro día e que se, como ten acontecido noutras ocasións, dá erro, se amplíe o prazo. [Afirman que o terán en conta.](#)

Número de prazas solicitadas.

Que se poidan pedir o mesmo número de destinos que na convocatoria do concurso de ámbito galego. Estamos en desacordo coa limitación a 300 solicitudes, cando nos concursos de carácter galego se poden pedir 500 no corpo de mestres e 400 nos de secundaria. Non ten sentido que exista esa limitación e menos que sexa para acomodarse a normas do Ministerio. Demandamos que se manteñan as do curso pasado.

[É unha limitación do Ministerio nos concurso de ámbito estatal.](#) (Demandamos que propoñan na reunión co MEFP e as demais CC.AA. que se amplíe o número)

Excepción de participación para profesorado desprazado.

Que o profesorado desprazado non teña que concursar se hai profesor ou profesora nacida antes de 1958 (60 anos). A proposta da Consellaría só o permite cando hai maiores de 63 anos. Afectaría a moi poucas persoas e entendemos que non é un problema para a Consellaría.

Prazas plurilingües.

Reclamamos que as prazas plurilingües non saian a concurso pois son un mecanismo anormal para mellorar a colocación e adquirir unha praza definitiva. A provisión destas prazas debe ser como prazas ordinarias. Se se teñen que impartir áreas ou materias con ese perfil debe facerse tendo en conta ao profesorado de cada centro, se existe con esas características con destino definitivo e, de non ser así, con destinos provisionais.

[A Consellaría afirma que en Galiza non se teñen en conta as seccións bilingües como acontece noutras CC.AA. e que non van modificar o criterio das plurilingües.](#)

Non adxudicación de oficio de bilingües e itinerantes.

Parécenos positivo que se recolla expresamente como reclamamos reiteradamente que non se adxudique de oficio en prazas itinerantes nin con perfil bilingüe. Seguimos a reclamar que a **colocación de oficio** debería estar limitada á **especialidade pola que se opositou**.

Comisión de avaliación.

Demandamos que a comisión de avaliación sexa elixida por sorteo entre todo o profesorado de Galiza e non só da cidade de Compostela. Cando menos debe estenderse máis o ámbito, porque senón hai moitas posibilidades de que o profesorado repita. Non entendemos que a presidencia teña que recaer na inspección e defendemos que sexa un ou unha docente por sorteo. Que os

membros das comisións sexan substituídos desde o primeiro día no seu centro de destino. [Non van modificar o ámbito e seguirán limitando a Compostela o sorteo.](#) Cuestións específicas e novidades a ter en conta.

Base 8ª.

Especialidades que poden pedir no corpo de cátedras de CMUS. Hai un erro. É Anexo XI e non X.

Base 15ª.

Especifícase que se entenderán incluídos como suprimidos aqueles docentes aos que se lle suprimiu a praza de carácter ordinario creándose simultaneamente outra de carácter itinerante ou viceversa da mesma especialidade e optaron por cesar na mesma. Queremos saber se a recente modificación do catálogo de mestres provocou algunha supresións destas características (en PT e AL). [Afirman que non se produciron supresións por estes cambios.](#)

Base 16ª.

Inclúese como novidade que no exercicio do dereito preferente non se incorporarán de oficio as prazas con bilingüismo nin as itinerantes para o persoal suprimido ou desprazado. Parécenos positivo.

Base 24ª. 1, 2 e 6.

Forma de facer as peticións. Botamos de menos que se homologuen as peticións de destinos para prazas con perfil bilingüe ou itinerante. Neste sentido o feito de ter que repetir as prazas reduce as opcións das participantes no concurso. Debería habilitarse a opción de pedir como no CADP, indicando na mesma petición se tamén se pide a praza como itinerante ademais da praza ordinaria. Isto supón un cambio importante na aplicación e na orde. Se non se modifica para este ano queremos que se revise a posibilidade de facelo para a seguinte.

Base 28ª.

Especifícase que non se adjudicarán de oficio prazas itinerantes nin as bilingües.

Base 33ª.

Introdúcese no texto da convocatoria o sistema para solicitar un destino no caso de funcionarias que sexan vítimas de violencia de xénero. Non é unha novidade xa que é o que se viña facendo mais agora aparece expresamente na orde.

Disposición Complementaria 3ª. Hai un erro na referencia ao RD. É o 1393/2007 e non o 1397. Na CIG-Ensino entendemos que si deben ser puntuados os mestrados propios das universidades.

[Entenden que legalmente non poden facelo mais comprométense a estudalo.](#)

Non se inclúe a **Disposición complementaria oitava** que aparecía en anteriores convocatorias.

As actividades realizadas a partir do 23 de maio de 2013, relacionadas nos artigos 32 a 40 da Orde do 14 de maio de 2013, pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro de actividades de formación permanente do profesorado, para que sexan baremables no concurso de traslados deberán estar debidamente rexistradas no Rexistro Xeral das Actividades de Formación do Profesorado.

[Incorporarán o texto xa que tiña que estar incluído.](#)

Baremo

Que se recollan as datas de puntuación de baremación e de adjudicacións provisionais e definitivas.

Mantemos o noso criterio do exceso de meritocracia no CXT. Está sobredimensionada

a puntuación de cargos directivos que, como mínimo, debería ser consumíbel. Mentres se manteña debe incrementarse a que ten que ver co desempeño doutros cargos (agora só 5 puntos, fronte aos 20 por cargo directivo), reforzando o papel da función docente e non só, como é agora, o da xestión. Unha directora acada 20 puntos en 5 anos, un xefe de estudos precisa 8 anos para chegar a eses 20 puntos. Un titor, un xefe de departamento, unha coordinadora só poden sumar 5. Non hai nada que impida na normativa base do Real Decreto que a Consellaría levante a limitación para o apartado 4.3 (outras funcións docentes).

Tamén debería puntuarse a **substitución de cargos directivos e coordinación** de ciclos ou xefaturas de departamentos. É un aspecto totalmente discriminatorio e inxusto.

Apartado 1.2. (antigüidade no corpo).

Consideramos que é discriminatorio que o profesorado de linguas do corpo de PES que impartiu nas EOI non se lle puntúe debidamente cando tivo que impartir obrigatoriamente.

Como xa nos dixeron na negociación das oposicións non van puntuar méritos por impartir docencia noutros corpos, mesmo no caso de que sexan substitucións que teñen que coller obrigatoriamente. Indica que se cando convoquen oposicións de Inglés de EOI seguramente tería que abrir unha listaxe específica.

Responsábeis de centros de menos de 3 unidades.

Que se cree unha nova tipoloxía de centros para que se teña en conta a puntuación que lles corresponde a estas persoas responsábeis.

Apartado 3.

Que se recolla a puntuación do nivel básico das EOI e o Grao elemental de música.

Apartado 3.1: (Doutoramento, posgraos e premios extraordinarios).

Que se computen os **mestrados** propios nas universidades públicas sempre que cumpran cos requisitos homologábeis nas súa duración e contidos aos que teñen os oficiais regulados no artigo 10 do RD 1393/2007. Entendemos que debe indicarse, como noutros apartados, que a puntuación e por **“cada”** mestrado, doutoramento, etc.

Apartado 3.1.3.(DEA)

Debería ter a mesma puntuación cós mestrados, pois están equiparados.

Apartado 4.3.(outras funcións docentes).

A listaxe de funcións e cargos é diferente á da orde do ano pasado. Así non se citan: asesor AMTEGA, coordinación de emprendemento, coordinación de innovación e formación do profesorado, coordinación de biblioteca de centro integrado, coordinación de residencia e asesoría Abalar.

Demandamos que se puntúen as coordinacións do grao elemental e a responsabilidade de calidade dos centros nos que exista tal figura.

Recoñecen que as coordinacións que faltan é por erro e que o corruxirán.

Apartados 6.1 e 6.3. (publicacións e méritos artísticos e literarios).

Na disposición complementaria sétima faise referencia aos criterios de valoración da orde de 2010 que deben ser recollidos expresamente como unha nova disposición complementaria. Demandamos que se inclúan neste apartado os méritos de Arte Dramática e Audiovisuais e lembramos que hai problemas co material do proxecto Abalar e non se lle valora a quen os elabora.

Aceptan a nosa proposta e a partir deste ano figurará como anexo na orde.

Puntuación de composicións.

Deben terse en conta tanto as composicións estreadas como as publicadas e ter claros os requisitos en ambos casos, xa que hai tanto estreadas publicadas como non publicadas. Debe garantirse que se poida puntuar todo mérito artístico e fixar criterios claros. No caso das publicadas debe esixirse o ISMN como nas publicacións.

Reiteramos que hai que buscar unha solución para as publicacións feitas no estranxeiro, porque se cadra non teñen Depósito Legal ou ISBN e non se están puntuando. Non parece axeitado excluílas. Debe esixirse o requisito equivalente en cada país.

Apartado 6.2.(premios e participación en proxectos de innovación).

Debe volver á comisión de baremación porque ten o suficiente nivel de subxectividade como para facelo. A Consellaría incluíu na Circular os criterios, mais aínda así, e no que ten a ver coa investigación e innovación, entendemos que debe formar parte da encomenda da Comisión. [Non están de acordo](#)

Apartado 6.4.(servizos prestado á Administración).

Debe eliminarse do baremo así como a puntuación pola condición de catedrático/a.

Apartado 5. (formación).

Que se explicita que se van ter en conta as actividades de contidos de lingua e cultura galega.

Apartado 6.5.(participación nos tribunais).

Non parece axeitado que se considere esta puntuación a quen ocupou a presidencia, porque foi a dedo. Que sexa igualmente a sorteo para que se lle poda ter en conta.

Apartado 6.6.(titorías de mestrados).

Xa que se puntúan débese regular o acceso a elas nos propios centros para que, se hai varias persoas que queiran acceder a esa situación, todas poidan ter ese dereito.

[A Consellaría, en todo o que ten que ver co baremo volve escusarse coas restricións fixadas polo Real Decreto de Concurso de Traslados e só indica que podería haber algún cambio en función da reunión que teñan co MEFP e as demais CC.AA. a finais de setembro en Madrid. A este respecto, e en resposta á CIG-Ensino, di que descoñecen cal vai ser a disposición do MEFP no que ten a ver co recoñecemento dos servizos prestados como persoal interino mais que como xa aconteceu hai dous anos isto non vai afectar ao concurso galego.](#)

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal